

VIII Xornada Usuarios de R en Galicia (ampliación plazo)

por webadmin - lunes, septiembre 20, 2021

<http://www.biometricsociety.net/2021/09/20/viii-xornada-usuarios-de-r-en-galicia-ampliacion-plazo/>

14 de outubro de 2021

Facultade de Matemáticas

Un ano máis poñemos en marcha a organización da Xornada de Usuarios de R en Galicia, coa que chegamos á oitava edición. O desexo do comité organizador é que a xornada poida retomar o seu formato presencial, e faremos todo o posible pola nosa parte para que así sexa. Contaremos co apoio da Facultade de Matemáticas da USC e do Consorcio CIXUG.

Se estás a traballar en proxectos que empregan R, e queres presentar a túa experiencia na xornada, **envía a túa proposta de relatorio antes do 26 de setembro de 2021** empregando os modelos dispoñibles no formulario que podes atopar na seguinte ligazón:

[Enlace call for papers](#)

Todos os relatorios seleccionados aparecerán no libro de actas da xornada.

A información sobre o programa vaise actualizar [na web da xornada](#) a medida que se vaian confirmando. Lembra que podes acceder ás presentacións e vídeos dos relatorios de anos anteriores dende o menú «**Programa 2021**» e así facerte unha idea dos contidos amosados.

ANÍMATE E PARTICIPA!